

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 3 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de persoal de servizos xerais, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado pola Resolución do 30 de setembro de 2019.*

Mediante a Resolución desta dirección xeral do 30 de setembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 191, do 8 de outubro) convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de persoal de servizos xerais, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

Na súa base sétima dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas, publicándose para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

**ACORDA:**

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo para o ingreso na categoría de persoal de servizos xerais, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 30 de setembro de 2019, e que aparecen relacionados no anexo desta resolución.

Segundo. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade do 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2020

Ana M<sup>a</sup> Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos



**ANEXO**

Persoal de servizos xerais			
Presidenta titular	Pereira Meizoso, Juana M <sup>a</sup>	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Secretaria titular	Ríos Carro, M <sup>a</sup> José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo de xestión da función administrativa
Vogal titular	Varela Viña, Jaime	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Vogal titular	Pérez Riobo, Emilio	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Vogal titular	Rodríguez Trigas, Emma	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Presidente suplente	González Rial, Darío	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Secretario suplente	Sampedro Morandeira, José Luis	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Busto Castaño, Luis Antón	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Vogal suplente	Fuentes Vilariño, M <sup>a</sup> Jesús	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Vogal suplente	Casal Mayo, M <sup>a</sup> del Mar	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais

